

DINOSAUROS NO NADAL

Eu nacín nunha selva; non nacín nun portal,
pero a min gústame moito celebrar o Nadal.
Trialaralá -trialaralá.




Co meu primo Triceraptos, que por certo é bo cantor,
preparamos panxoliñas e cantamos con humor.
Trialaralá-trialaralá.

O meu veciño Diplodoco, de tan longo colo é,
que vixía aló de lonxe por se vén Papá Noel.
Trialaralá-trialaralá.

Outro está tan despistado, chega tarde á reunión,
coas súas ás de xigante, chámase Pteranodón.
Trialaralá-trialaralá.

O que sempre está á súa hora, moi puntual e moi señor,
porque corre tan de présa, é o Velociraptor.
Trialaralá-trialaralá.

E se somos moi grandotes, e queremos merendar,
imaxina os turróns que teremos que zampar.
Trialaralá-trialaralá.



Letra e música: Susa Herrera